



## REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CONSELLO SOCIAL DO CENTRO DE ORIENTACIÓN, EMPRENDAMENTO E INNOVACIÓN PARA O EMPREGO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

*A Lei 3/2023, do 28 de febreiro, de Emprego, no su artigo 8, apartado 5, establece: Os Centros Públicos de Orientación, Emprendemento, Acompañamento e Innovación para o Emprego constitúen o soporte especializado do Sistema Nacional de Emprego dirixido a reforzar a dinamización e planificación en materia de orientación, emprendemento e innovación para o emprego. Estes centros son espazos de innovación e experimentación para o fortalecemento e integración da igualdade de oportunidades no deseño, desenvolvemento e evolución das políticas activas de emprego.*

Con data do 28/04/2021 e co obxecto de dispoñer dun sistema de orientación, emprendemento, acompañamento e innovación para o emprego que actúe de forma coordinada no territorio nacional, a LXXIX Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais aprobou o Protocolo para a creación dunha Rede de centros de orientación, emprendemento, acompañamento e innovación para o emprego.

*O Real Decreto 818/2021, do 28 de setembro, polo que se regulan os programas comúns de activación para o emprego do Sistema Nacional de Emprego (BOE núm. 233, do 29 de setembro) establece os programas comúns de políticas de activación para o emprego, determinando o alcance e as características dos traballos a desenvolver dentro das funcións asignadas a estes centros, coa finalidade de reforzar os mecanismos preventivos fronte ao desemprego, mellorar a empregabilidade dos traballadores e as traballadoras e favorecer a transición ao emprego, así como impulsar o fomento da cultura emprendedora e o espírito empresarial e a mellora na atención e acompañamento ás persoas emprendedoras na posta en marcha da súa iniciativa empresarial.*

O artigo 88 deste real decreto establece que, no marco do Sistema Nacional de Emprego, e nos seus respectivos ámbitos de actuación, os servizos públicos de



emprego poderán desenvolver un programa de Orientación, Emprendemento, Acompañamento e Innovación para o Emprego que terá por obxecto a realización, entre outras, das funcións de avaliación de programas de orientación, de prospección e intermediación laboral e de emprendemento que poidan cualificarse de boas prácticas; o deseño de accións innovadoras e desenvolvemento de proxectos experimentais; o desenvolvemento e execución dun Plan específico de formación permanente dirixido ao persoal do propio servizo público de emprego que realiza funcións de orientación profesional para o emprego e de asistencia para o autoemprego, así como de prospección empresarial e intermediación laboral, con formación específica en materia de igualdade, e da inclusión social das persoas con discapacidade e os demais grupos sociais en risco de exclusión; o seguimento de todas as actuacións realizadas polos diferentes organismos competentes en materia de fomento do emprego autónomo; ou a interlocución coas asociacións representativas, no correspondente ámbito territorial, de persoas traballadoras autónomas e da economía social.

O 10/10/2022 publícase no BOE núm. 243 a *Resolución do 29 de setembro de 2022, da Dirección Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal, pola que se cualifica o Centro de Orientación, Emprendemento e Innovación para o Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia.*

O Punto UN da dita resolución dispón o seguinte: *Cualifícase o Centro de Orientación, Emprendemento e Innovación para o Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia situado na rúa Rafael Alberti, bloque 7, planta baixa, 15008 A Coruña, de acordo coa proposta da Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, incorporándose o mesmo á Rede de Centros Públicos de Orientación, Emprendemento e Innovación para o Emprego, prevista no Protocolo para a creación dos Centros de Orientación, Emprendemento, Acompañamento e Innovación para o Emprego, aprobado pola LXXIX Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais e en reunión extraordinaria do Consello Xeral do Sistema Nacional de Emprego, celebrada en Madrid o día 28 de abril de 2021.*

O Punto DOUS da Resolución establece: *A titularidade do Centro da Comunidade*



*Autónoma de Galicia, corresponde á Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade [actual Consellería de Emprego, Comercio e Emigración] da Xunta de Galicia. O Centro da Comunidade Autónoma de Galicia, deberá cumprir, en todo caso, as condicións que se determinan na proposta de creación presentada ao Servicio Público de Emprego Estatal.*

*O Punto SEIS da mesma resolución establece: O Centro contará cun Consello Social, como órgano de planificación e participación social e será presidido pola administración pública titular do mesmo. O nomeamento da Dirección do Centro, corresponderá á administración pública titular do mesmo.*

Co propósito de regular de forma máis precisa tanto a composición como as funcións deste importante órgano de participación e co fin de conectar máis intensamente os ámbitos sociais, profesionais, tecnolóxicos e empresariais ao quefacer do Centro Estatal de Orientación, Emprendemento, Acompañamento e Innovación para o Emprego, establécese este regulamento que contén un conxunto de normas que garanten a organización e funcionamento do Consello Social do Centro de Orientación, Emprendemento e Innovación para o Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, así como a participación das organizacións empresariais e sindicais máis representativas, de forma bipartita e paritaria.

## CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### Artigo 1. Obxecto e adscrición

Créase o Consello Social do Centro de Orientación, Emprendemento e Innovación para o Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia (en diante, COEGAL).

O Consello Social do COEGAL defínese como o órgano de planificación e participación social das organizacións patronais e sindicais máis representativas.

De conformidade coa *Resolución do 29 de setembro de 2022, da Dirección Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal, pola que se cualifica o Centro de Orientación, Emprendemento e Innovación para o Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia*



(BOE núm. 243, do 10 de outubro), a titularidade do COEGAL corresponde á actual Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

#### Artigo 2. Réxime de funcionamento

En todo o non regulado neste texto aplicarase o réxime de funcionamento dos órganos colexiados das distintas administracións públicas previsto no Capítulo II, Sección 3ª da *Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público*, e no Título I, Capítulo I, Sección 3ª da *Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia*.

#### Artigo 3. Composición do Consello Social

O Consello Social está composto por representantes da Administración autonómica de Galicia e das organizacións empresariais e sindicais máis representativas na Comunidade autónoma, ostentando a condición de representantes dos respectivos ámbitos. A representación efectuarase de forma bipartita e paritaria.

O Consello Social está composto por todas as persoas membros e conta cunha Presidencia e unha Secretaría.

#### Artigo 4. Sede

Para o axeitado desenvolvemento das súas funcións, o Consello Social do COEGAL terá a súa sede nas instalacións do propio centro. Na devandita sede celebrará habitualmente as súas sesións e actividades, sen prexuízo de que, ocasionalmente, poida quedar validamente constituído noutro lugar.

### CAPÍTULO II. DAS FUNCIÓNS DO CONSELLO SOCIAL

#### Artigo 5. Funcións do Consello Social

O Consello Social ten as seguintes funcións:



- a) Propoñer directrices dos Programas Anuais de Traballo do COEGAL.
- b) Propoñer actuacións a incluír nos Programas Anuais de Traballo do COEGAL.
- c) Coñecer a memoria anual.
- d) Coñecer o seguimento das actividades do COEGAL, asegurando a calidade e o rendemento dos seus servizos.
- e) Estimular a actividade nos ámbitos funcionais de actuación do COEGAL, especialmente no relativo á súa vinculación cos sectores produtivos, apoiando os proxectos de innovación e avaliación, así como a promoción das actuacións de transferencia e difusión dos resultados obtidos.
- f) Colaborar no establecemento de relacións e contactos con empresas, institucións, organizacións ou entidades para facilitar o desenvolvemento do programa do Centro.
- g) Aprobar o seu propio regulamento de organización e funcionamento, se procede.

#### Artigo 6. Funcións da Presidencia

Son funcións da Presidencia do Consello Social:

- a) Ostentar a representación do Consello Social.
- b) Garantir o cumprimento dos acordos adoptados polo Consello Social.
- c) Garantir o cumprimento dos fins do Consello Social.
- d) Acordar a convocatoria das sesións do Consello e fixar a orde do día das mesmas.
- e) Presidir e levantar as sesións do Consello, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas.
- f) Asinar, xunto coa persoa que ostente a Secretaría, as actas das reunións e certificacións dos acordos que se adopten.
- g) Dirimir co seu voto os empates, a efectos da adopción de acordos.
- h) Calquera outras que resulten necesarias para o bo funciona-mento do Consello.



## Artigo 7. Funcións da Secretaría

As funcións da Secretaría do Consello Social son as seguintes:

- a) Asistir ás reunións, con voz, pero sen voto.
- b) Efectuar a convocatoria das sesións, por orde da Presidencia.
- c) Levantar acta das sesións.
- d) Custodiar as actas, organizar o arquivo do Consello Social e expedir, co visto e prace da Presidencia, as certificacións que soliciten as autoridades e persoas interesadas que estean relacionadas coas súas funcións.
- e) Exercer as funcións de asistencia e documentación dos actos da Presidencia do Consello Social.
- f) Aquelas funcións que lle designe a Presidencia ou sexan propias do cargo.

## CAPÍTULO III. ORGANIZACIÓN DO CONSELLO SOCIAL

### Artigo 8. Composición dos membros do Consello Social

A composición do Consello Social será bipartita e paritaria.

Ostentan a condición de membros titulares, por parte da Administración Pública, Autonómica os seguintes cargos:

- 1 representante da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais, que asumirá as funcións da Presidencia.
- 1 representante da Dirección Xeral de Tráballo Autónomo e Economía Social
- 1 representante da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o emprego
- 1 membro designado pola Consellería de Economía e Industria
- 1 membro designado pola Secretaría Xeral de Universidades
- 1 membro designado pola Dirección Xeral de Formación profesional



Á súa vez, ostentarán a condición de membros titulares, por parte de organizacións sindicais, as persoas representantes designadas por cada unha das seguintes organizacións:

- 1 representante de Comisións Obreiras (CCOO)
- 1 representante da Unión Xeral de Traballadores (UGT)
- 1 representante da Confederación Intersindical Galega (CIG)

E, por parte das organizacións empresariais, ostentarán a condición de membros titulares as persoas representantes designadas por cada unha das seguintes organizacións:

- 1 representante da Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) do ámbito de emprendemento
- 1 representante da asociación máis representativa de autónomos/as de Galicia.
- 1 representante do Foro pola Economía Social Galega (FOROESGAL)

A Secretaría do Consello Social ostentaraa a Dirección de COEGAL.

Os membros do Consello poderán ser substituídos, nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade ou outras causas que impidan a súa asistencia, polos suplentes que designe a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, a proposta do órgano administrativo ou a organización que representen.

O mandato das persoas integrantes que o sexan por razón do cargo durará en tanto ostenten o mesmo. O mandato das persoas integrantes que non o sexan por razón do cargo, durará catro anos, sen límite de mandatos a favor das mesmas persoas. Se se producise unha vacante entre as persoas integrantes que non o son por razón do cargo, a duración do mandato da persoa substituta será polo tempo que reste do



mandato de quen causase a vacante.

#### Artigo 9. Perda da condición de membro do Consello Social

Os membros do Consello Social perderán esta condición por algunha das seguintes causas:

- a) Por renuncia.
- b) Por falecemento.
- c) Por revogación da designación pola entidade ou organización que lle propuxo.
- d) Por cesar no cargo.
- e) Por calquera outra causa acordada por maioría do Consello.

#### Artigo 10. Funcións dos membros do Consello Social

Corresponde aos membros do Consello Social:

- a) Participar nos debates das sesións, expoñer a súa opinión e efectuar propostas.
- b) Exercer o seu dereito ao voto, de acordo con o especificado no artigo 12, podendo facer constar a súa abstención e o voto reservado, así como os motivos que o xustifiquen.
- c) Coñecer coa debida antelación os asuntos e propostas incluídos na orde das sesións, segundo o previsto no artigo 11.
- d) Ter acceso e recibir tanta información e documentación sexa necesaria para o desenvolvemento das sesións do Consello Social.
- e) Solicitar á Secretaría do Consello Social as actas do Consello, e as copias destas que desexen.
- f) Presentar propostas para a adopción dos correspondentes acordos, nos termos establecidos no presente Regulamento. A presentación deberase efectuar coa suficiente antelación e en todo caso antes de que sexa remitido a orde do día da sesión correspondente aos membros que constitúen o Consello Social.
- g) Formular rogos e preguntas.



h) Gardar reserva das deliberacións internas, así como das xestións que, como membros do Consello Social, leven a cabo.

i) Non utilizar a información ou documentación que se lles facilite para fins distintos daqueles para os que lles foron entregadas.

#### CAPITULO IV. DO FUNCIONAMENTO DO CONSELLO SOCIAL

##### Artigo 11. Funcionamento.

O Consello Social celebrará dúas sesións ordinarias anuais como mínimo. Ademais, poderase convocar unha sesión extraordinaria sempre que a Presidencia así o decida, a iniciativa propia ou a petición de, polo menos, catro membros do Consello.

As convocatorias serán remitidas pola Secretaría do Consello a todos os membros do Consello Social.

As convocatorias faranse con polo menos tres días de antelación por medios electrónicos ou telemáticos. Á convocatoria anexarase a orde do día que propoña a Presidencia, a data, hora e lugar de celebración da sesión e a forma e sistema de conexión no caso de celebración por videoconferencia ou outros medios que se habiliten. Facilitarase aos membros do Consello, con antelación suficiente, a información e documentación referida aos asuntos que se vaian a tratar na reunión.

Cando se convoque unha reunión extraordinaria, non son aplicables nin os prazos nin as formalidades establecidas con anterioridade, aínda que se comunicará a orde do día, a data, hora e lugar de celebración da sesión, e forma e sistema de conexión no caso de celebración por videoconferencia ou outros medios que se habiliten, e anexarase a información documental que proceda, respectando o prazo mínimo que require a súa revisión.

No caso de vacante, ausencia ou enfermidade da persoa que ostente a Presidencia, esta será substituída por un membro do Consello que a Presidencia designe.

Os membros titulares que non poidan asistir persoalmente poden delegar por escrito a súa representación para cada sesión noutra persoa membro do Consello para que lles represente para todos os efectos, podendo un mesmo membro ostentar varias



delegacións. De igual maneira, os membros que non poidan asistir aos Consellos poderán designar suplentes notificándoo por escrito á Secretaría.

A Presidencia, a iniciativa propia ou a instancia dalgunha persoa membro do Consello, pode convidar para asistir ás sesións, con voz, pero sen voto, a persoas expertas e persoal do Centro, de acordo coa natureza dos asuntos que se vaian a tratar.

#### Artigo 12. Desenvolvemento das sesións.

Para a válida constitución do Consello Social do COEGAL, a efectos da celebración de sesións, deliberacións e adopción de decisións no seu seo, precisarase a asistencia da Presidencia e da Secretaría e de, como mínimo, a metade das persoas membros con dereito a voto. En calquera caso, deberán estar presentes polo menos unha persoa membro das organizacións empresariais e unha persoa membro das organizacións sindicais.

As reunións do Consello Social poderán celebrarse presencialmente, por vídeo-conferencia ou por calquera medio que se facilite para o efecto.

Os acordos adoptaranse por maioría simple dos membros asistentes, presentes e representados.

A Secretaría levantará acta do desenvolvemento das sesións ordinarias e extraordinarias do Consello Social e o seu texto someterase a aprobación na primeira sesión do Consello Social seguinte.

As sesións do Consello Social consignaranse en actas asinadas pola Presidencia e a Secretaría, que especificarán as persoas asistentes, a orde do día da reunión, os acordos, desacordos, deliberacións e, no seu caso, votacións. As actas das sesións deberán conter:

- a) Lugar, data e hora de comezo da reunión.
- b) Nome e apelidos da Presidencia e Secretaría, das persoas asistentes, das que delegasen o seu voto e dos/as vogais ausentes que xustificasen a súa inasistencia.
- c) Asuntos que se examinen e acordos que sobre os mesmos recaian.



- d) Votacións que se verifiquen con expresión do seu resultado.
- e) Manifestacións dos presentes naqueles casos en que así se solicite.
- f) Hora en que a Presidencia levanta a sesión.

O voto terá carácter individual e só poderá ser exercido pola persoa titular ou pola suplente en caso de ausencia da primeira ou pola persoa titular na que se delegou a representación.

En caso de empate, o voto da Presidencia terá carácter dirimente.

Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, agás que estean presentes todas as persoas membros do Consello Social e declárese a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.